¿ Cuestionarios de avaliación inicial

¿ Probas de avaliación inicial.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Táboa-resumen dos pesos de cada unidade da materia

Elementos para a cualificación

Avaliación continua e formativa

¿ Porfolio, coa colección de producións gráficas do alumno, permite ao profesorado avaliar con evidencias obxectivas non só o produto final, senón tamén o proceso que os estudantes seguiron para a súa realización.

¿ Lista de cotexo con criterios obxectivos, claros, relevantes e relacionados coas aprendizaxes a avaliar. Propóñense unha serie de trazos a observar sobre os que o docente ha de sinalar a presenza ou ausencia.

¿ Diana para avaliar actitudes persoais, que permite obter conclusións sobre as actitudes persoais do alumnado en canto a participación, cumprimento das normas, responsabilidade, respecto aos compañeiros e coidado do material, así como realizar comparacións na evolución destas actitudes ao longo dun período de tempo.

¿ Rúbricas, que son unha poderosa ferramenta para a autorregulación da aprendizaxe, dado que indican o camiño a seguir ao longo do proceso, á vez que posibilitan unha avaliación obxectiva de actitudes e comportamentos non facilmente medibles con outros instrumentos.

¿ Cuestionarios de autoavaliación constitúen ferramentas moi eficaces para que os alumnos poidan medirse e comprobar os seus avances.

¿ Probas de avaliación das unidades didácticas, son unha ferramenta apropiada para comprobar a adquisición dos saberes básicos e o desenvolvemento das competencias dunha forma fiable e obxectiva. As probas de avaliación da unidade fomentan o pensamento e contribúen á aprendizaxe significativa, permitindo avaliar en que medida o estudante adquiriu determinadas aprendizaxes, se sabe relacionar diferentes saberes entre si e se é capaz de transferir as destrezas adquiridas a outro contexto cunhas particularidades distintas (sen apoios, con tempo limitado?).

Avaliación trimestral ou sumativa

¿ Escala de valoración do caderno persoal do alumnado, permite facer un seguimento do seu desempeño, ademais de ser un medio de comunicación entre a familia e a escola. A escala permite valorar a presentación, a organización e a execución das actividades e tarefas incluídas no devandito caderno.

¿ Escala de coavaliación, que favorece a aprendizaxe do alumnado, permite interiorizar os criterios de éxito ao examinar as producións doutros compañeiros, á vez que se identifican elementos de calidade e boas actitudes tanto no traballo dos demais como no propio.

¿ Escala de valoración do reto trimestral, contén criterios específicos para cada área e curso que permite valorar o traballo realizado polo alumnado, tanto individualmente como en equipo, nos retos trimestrais relacionados cos ODS.

¿ Probas de avaliación trimestrais, teñen carácter acumulativo e están destinadas a valorar o progreso do alumno en relación cos saberes básicos traballados no trimestre. Estas probas están baseadas en contextos e situacións da vida real e, a miúdo, parten dunha situación-problema. En cada trimestre existen dúas probas:

o Unha proba B, de nivel básico.

o Unha proba A, de nivel avanzado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	43	37	37	47	37	37	37	37	37	37
Táboa de indicadores	57	63	63	53	63	63	63	63	63	63

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	39
Táboa de indicadores	61

Criterios de cualificación:

Táboa-resumen dos pesos de cada unidade da materia

Elementos para a cualificación

Avaliación continua e formativa

¿ Porfolio, coa colección de producións gráficas do alumno, permite ao profesorado avaliar con evidencias obxectivas non só o produto final, senón tamén o proceso que os estudantes seguiron para a súa realización.

¿ Lista de cotexo con criterios obxectivos, claros, relevantes e relacionados coas aprendizaxes a avaliar. Propóñense unha serie de trazos a observar sobre os que o docente ha de sinalar a presenza ou ausencia.

¿ Diana para avaliar actitudes persoais, que permite obter conclusións sobre as actitudes persoais do alumnado en canto a participación, cumprimento das normas, responsabilidade, respecto aos compañeiros e coidado do material, así como realizar comparacións na evolución destas actitudes ao longo dun período de tempo.

¿ Rúbricas, que son unha poderosa ferramenta para a autorregulación da aprendizaxe, dado que indican o camiño a seguir ao longo do proceso, á vez que posibilitan unha avaliación obxectiva de actitudes e comportamentos non facilmente medibles con outros instrumentos.

¿ Cuestionarios de autoavaliación constitúen ferramentas moi eficaces para que os alumnos poidan medirse e comprobar os seus avances.

¿ Probas de avaliación das unidades didácticas, son unha ferramenta apropiada para comprobar a adquisición dos saberes básicos e o desenvolvemento das competencias dunha forma fiable e obxectiva. As probas de avaliación da unidade fomentan o pensamento e contribúen á aprendizaxe significativa, permitindo avaliar en que medida o estudante adquiriu determinadas aprendizaxes, se sabe relacionar diferentes saberes entre si e se é capaz de transferir as destrezas adquiridas a outro contexto cunhas particularidades distintas (sen apoios, con tempo limitado¿).

Avaliación trimestral ou sumativa

¿ Escala de valoración do caderno persoal do alumnado, permite facer un seguimento do seu desempeño, ademais de ser un medio de comunicación entre a familia e a escola. A escala permite valorar a presentación, a organización e a execución das actividades e tarefas incluídas no devandito caderno.

¿ Escala de coavaliación, que favorece a aprendizaxe do alumnado, permite interiorizar os criterios de éxito ao examinar as producións doutros compañeiros, á vez que se identifican elementos de calidade e boas actitudes tanto no traballo dos demais como no propio.

¿ Escala de valoración do reto trimestral, contén criterios específicos para cada área e curso que permite valorar o traballo realizado polo alumnado, tanto individualmente como en equipo, nos retos trimestrais relacionados cos ODS.

¿ Probas de avaliación trimestrais, teñen carácter acumulativo e están destinadas a valorar o progreso do alumno en relación cos saberes básicos traballados no trimestre. Estas probas están baseadas en contextos e situacións da vida real e, a miúdo, parten dunha situación-problema. En cada trimestre existen dúas probas:

o Unha proba B, de nivel básico.

o Unha proba A, de nivel avanzado.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

PORCENTAXE

CALIFICACIÓN

Observación do grao de interese participación 30%

Tarefas realizadas na clase 20%

Presentación dos traballos de investigación. 20%

Probas orais e escritas 30%

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 80% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 20%.

6. Medidas de atención á diversidade

En xeral, téntase que as medidas de atención á diversidade sexan escasas, xa que unha programación ben elaborada e contextualizada na realidade da aula require un número moi limitado delas.

As medidas xerais de atención á diversidade artículanse aplicando:

- ¿ Reforzo educativo.
- ¿ Adaptacións curriculares.

Debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais¿
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden os materiais aportados por fundacións como a ONCE.

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+, ou Voz Natura, entre outros.

Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - E.T.1 Emprendimiento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - E.T.2 Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - E.T.3. Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - E.T.4. Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - E.T.5. Educación para a saúde (incluída a sexual).	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - E.T.6. Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - E.T.1 Emprendimiento	X	X
ET.2 - E.T.2 Igualdade de xénero	X	X
ET.3 - E.T.3. Educación para a paz	X	X
ET.4 - E.T.4. Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable	X	X
ET.5 - E.T.5. Educación para a saúde (incluída a sexual).	X	X
ET.6 - E.T.6. Educación emocional e en valores.	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O CAMPO	Profundando en que é a horta e as furtas	X		
A VENDIMA	Traballaremos a recollida da uva, elaboración e posterior envasado do viño. Estudaremos tamén o mercado que ofrece este produto na nosa comarca. Ademais de manter a tradición viva traballamos contidos de apreciación e coidado da natureza a través da saída ao monte	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
MAGOSTO	Ademais de manter a tradición viva traballamos contidos de apreciación e coidado da natureza a través da saída ao monte.	X		
PAZ	Onde ademais celebramos os aniversario de todos os nenos e nenas, así como o resto de mestres e persoal non docente.		X	
NADAL E REIS	Sendo unha das festividade máis entrañables da nosa cultura traballaremos ao mesmo tempo valores de solidariedade, interculturalidade e paz. Levaremos a cabo representacións teatrais, panxoliñas e contos.		X	
ENTROIDO	Trátase da tradición máis viva deste concello polo que se lle dedica todos os anos un tratamento especial.		X	
MAIO E SANTO CRISTO	Trátase da tradición máis viva deste concello polo que se lle dedica todos os anos un tratamento especial.			X
DÍA LETRAS GALEGAS	Dedicarémolle unha semana completa na que estudaremos vida e obra do autor/para homenaxeado este ano. Finalizaremos a semana cun festival no que os mozos demostran os seus dotes interpretativos con cancións, bailes tradicionais, poesías, e o visionado dun vídeo dedicado ao autor entre outras cousas.			X

Observacións:

Cada unidade didáctica terá asociada, polo menos, unha actividade complementaria ou extraescolar, sen prexuízo de que, ao longo do curso, poidan aparecer outras interesantes que se poidan levar a cabo.

Ademais, todas as celebracións e conmemoracións reflectidas no calendario escolar poden e deben ser abordadas tamén desde o punto de vista das matemáticas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación.
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
Temporalización.
Procedementos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Actividades adecuadas.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Estilo de ensinanza.
Organización dos recursos materiais.
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Rol do docente.
Motivación do alumnado.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32015165	CEIP O Castiñeiro	Laza	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	3º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2022/2023, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

Centrándonos na idade á que vai dirixida esta programación, en 3º de EP (7 ou 8 anos), o alumnado está en plena fase de maduración cognitiva, sendo capaces de desenvolver un pensamento lóxico sobre os obxectos físicos. Neste período comezan a diferenciar os cambios que se producen na súa contorna.

CONTEXTUALIZACIÓN.

- Centro: CEIP O CASTIÑEIRO
- Unidades: (2 en EP)
- Curso: 3º A
- Nº alumnos/as: 4 (1 nenas e 3 nenos)
- Contorna: LAZA (Rural)
- Instalacións: ximnasio, polideportivo, patio exterior, zona verde no exterior e entorno natural
- Xornada escolar: continua (09:00 a 14:00), setembro e xuño
partida (9:30-13:00 e 14:30-16:00) de outubro a xuño

Contexto socioeconómico e cultural.

O colexio de Ensino Infantil e Primaria "O CASTIÑEIRO" de Laza está emprazado no barrio do Castiñeiro na vila de Laza, capital do concello do mesmo nome.

O concello de Laza pertence á comarca de Monterrei. Está situado no sur leste da provincia de Ourense. Limita ó Norte cos concellos de Montederramo e Chandrexa de Queixa, ao Sur cos concellos de Castrelo do Val e Monterrei, ao Leste con Vilariño de Conso e Castrelo do Val e ao Oeste con Vilar de Barrio, Sarreaus e Cualedro.

No marco sociocultural atopámonos en Laza cun concello de carácter rural, no que as actividades tradicionalmente incluídas nos sectores secundario e terciario (industria e servizos) teñen escasa importancia, limitándose a algunhas industrias artesanais de explotación familiar.

Estamos ante unha zona eminentemente AGRÍCOLA-GANDEIRA, carente de industrias. A súa economía está baseada nas pensións da terceira idade, que dan para pagar o censo ata acadar a pensión de xubilación.

No eido cultural, cabe reseñar as carencias: non hai biblioteca pública (funciona a da Asociación 3 de maio); non hai ximnasio nin clubs federados; non existen centros para continuar estudos...

Cabe destacar, nembargante, o fondo arraigo de tradicións ancestrais como o Entroido ou festas coma as do Santo Cristo e outras.

Está a funcionar o pavillón polideportivo, inda que queda algo afastado do recinto escolar, que pode canalizar un pouco as arelas deportivas da xuventude da bisbarra.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Descubrimos as paisaxes	Traballarase a Terra, as paisaxes de montaña, de chaira e de costa, lectura de mapas e protección de paisaxes naturais.	16	11	X		
2	Necesitamos auga para vivir	Traballaranse as augas mariñas e os ríos, o percorrido dos ríos, os ríos de España e a súa localización, o coidado da auga potable e a súa conservación.	17	12	X		
3	Que importante é o aire!	Traballaremos a atmosera, o tempo atmosférico, e as estacións e os climas. Valoración do aire, a súa calidade e conservación.	16	11		X	
4	Vivimos todos xuntos.	Traballaremos a comunidade autónoma de Galicia, a súa poboación, aldeas, vilas e cidades. O goberno das localidades e os concellos. Planos da cidade e como mellorar unha localidade.	17	12		X	
5	Cantos traballos diferentes	Traballaremos como se organizan os traballos, a pesca, como son os traballos de campo, as fábricas, e o sector servizos. Creación dunha empresa e a igualdade laboral.	17	12			X
6	Moitas cousas fálannos do pasado	Traballarase o paso do tempo e a historia da localidade, as testemuñas, o pasado, a biografía dunha persoa e as mulleres no pasado.	17	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Descubrimos as paisaxes	11

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural con axuda.	PE	50
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, establecendo acordos empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo. - Coñecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a través do globo terráqueo, os mapas e outros recursos dixitais. Uso de planos do barrio ou da localidade, como representación gráfica de espazos. Interpretación de lendas e símbolos cartográficos elementais en mapas.

UD	Título da UD	Duración
2	Necesitamos auga para vivir	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar problemas ecosociais, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais.	PE	50
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos

Contidos
- residuos.

UD	Título da UD	Duración
3	Que importante é o aire!	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.	PE	50
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre medio natural, social e cultural próximo.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos e variables meteorolóxicas (temperatura, humidade, vento, precipitacións) e a súa representación gráfica e visual: o climograma. - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra.

UD	Título da UD	Duración
4	Vivimos todos xuntos.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.	PE	50
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	TI	50
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia. - Organización política e territorial de Galicia. - Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de Galicia. - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación. A organización do territorio en Galicia. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
5	Cantos traballos diferentes	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade.	PE	34

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos.	TI	66
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Desigualdade social e acceso aos recursos. Usos do espazo polo ser humano e evolución das actividades produtivas. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.

UD	Título da UD	Duración
6	Moitas cousas fálannos do pasado	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga.	PE	50
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos.	TI	50
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero.
- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais) como vía para a análise dos cambios e permanencias na localidade ao longo da historia.
- O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos.
- As expresións artísticas e culturais prehistóricas e da antigüidade e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero.
- O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación.
- Iniciación na investigación e nos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente.
- A acción de mulleres e homes como suxeitos na historia. Descubrimentos e inventos importantes ao longo da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

En cada unidade didáctica, traballaremos un ou unha personaxe relevante ao longo da historia que garde especial relación coa unidade a tratar.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

A metodoloxía intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

A metodoloxía debe ir dirixida ao logro das competencias clave, polo tanto as actividades propostas sempre intentarán acercar o currículo a situacións da vida real. No proceso de ensinanza- aprendizaxe teranse en conta os seguintes principios:

- Partir sempre do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes a través dos coñecementos previos e da memoria comprensiva.
- Posibilitar que os/as alumnos/as realicen por eles/as mesmos/as aprendizaxes significativos.
- Favorecer situacións nas que os/as alumnos/as deban actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que resulten motivadoras.
- Respetar os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, promovendo o traballo colaborativo.
- Establecer mecanismos de reforzo para aqueles alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe.

A metodoloxía a seguir será activa, participativa, cooperativa, global, flexible e aberta:

- Activa e participativa xa que o alumnado será o centro do proceso de ensinanza-aprendizaxe, sendo eles os que marquen o seu propio ritmo e nivel de traballo, e implicándose de forma activa no deseño dos seus materiais de aprendizaxe.
- Cooperativa xa que na realización de proxectos e traballos de investigación traballarán en grupo, axudándose uns a outros, contando con roles dentro de cada grupo para que todos os membros participen de forma activa e igualitaria, e retroalimentándose.

- Global xa que na realización de proxectos e traballos, e durante o desenvolvemento das propias unidades, estarán implicados e integrados aspectos, contidos e destrezas propias de outras áreas.
- Flexible e aberta xa que estará supeditada a cambios necesarios e xustificados que poidan darse debido a imprevistos, sempre buscando o beneficio da consecución de obxectivos e a adquisición de contidos e destrezas por parte do alumnado.

A linguaxe a empregar na aula será sinxela, clara e ben estruturada na presentación de novos contidos. Todas as actividades propostas estarán debidamente secuenciadas, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía. O/A alumno/a deberá ter a sensación ou o convencemento de que é capaz de aprender o que se lle propón.

Dado que a lectura é fundamental para a consecución das competencias clave, adicaráse un tempo diario, co fin de desenvolver estratexias de comprensión lectora en distintos formatos e fomentar o hábito lector.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Obradoiro Santillana, Proxecto Construindo Mundos, Ciencias Sociais 3 de primaria
Computador de aula e encerado dixital
Material funxible (cartulinas, pinturas, folios, témperas ...)
Globo terráqueo
Programa Scratch
Mapas e planisferios
Google Earth
Material de refugallo (cartóns, papeis ...)
Aplicacións de ofimática
Kahoot e Plickers
Genially e Kanva
Libreta ou caderno
Aula virtual do centro (recursos, tarefas, contidos H5P ...)
Webs educativas (Educaplay ...)

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso (4 sesións).

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Para obter dita información , podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual...

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás caracterísitcas do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	17	16	17	17	17	100
Proba escrita	50	50	50	50	34	50	47
Táboa de indicadores	50	50	50	50	66	50	53

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos... Na derradeira UD de cada trimestre, un dos CA traballados será avaliado a través dunha proba escrita. 3º de EP será o primeiro curso onde levaremos a cabo este tipo de probas, polo que terán un carcter moi simple. Empregaremos actividades de completar enunciados ou de relacionar elementos, pero en non comezaremos a cualificar con preguntas abertas de resposta libre ata o vindeiro curso.

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN PORCENTAXE NA CALIFICACIÓN

Observación do grao de interese e participación 30%

Tarefas realizadas na clase 20%

Presentación dos traballos de investigación. 20%

Probas orais e escritas 30%

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Compre lembrar que nos cursos impares non se pode permanecer un ano máis no curso correspondente.

No caso desta aula, contamos con un caso de alumno diagnosticado con Altas Capacidades Intelectuais. Tal e como foi presentado no seu informe do equipo específico, traballárase con el especialmente o control das emocións e a resolución de conflitos, no que a efectos de enriquecemento curricular se refire, de forma conxunta dentro da aula. Ademais, contará con apoio por parte da mestra de AL-PT unha vez por semana, e farase seguimento do seu avance co equipo de Oriación do centro.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Respeto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas á contorna	Diversas saídas que se realizarán durante o curso para acudir a actuacións, obras de teatro, ou andainas relacionadas cos proxectos e programas nos que o centor está inmerso.	X	X	X
Proxecto "O sistema solar"	Proxecto a relizar co resto dos compañeiros da aula mixta relacionado cos planetas e o universo, previsiblemente durante o primeiro trimestre.	X		
Proxecto "A volta ao mundo"	Proxecto a relizar co resto dos compañeiros da aula mixta relacionado cos continentes e os océanos, previsiblemente durante o segundo trimestre.		X	
Proxecto "De viaxe por Europa"	Proxecto a relizar co resto dos compañeiros da aula mixta relacionado cos países europeos e as súas capitais, previsiblemente durante o terceiro trimestre.			X

Observacións:

As actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Metodoloxía empregada
Consegiuse motivar ao alumnado?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Medidas de atención á diversidade
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Clima de traballo na aula
Adáptanse as probas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Outros
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes probas, tarefas ou actividades?
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas

programacións didácticas. A información para avaliar todos estes items estará recollida no diario de sesións e no rexistro anecdótico de cada unha das Unidades Didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas ao longo dos tres trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 2º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Practicar con apoio situacións de comunicación nas que se establezan relacións positivas entre as persoas que interveñen e intentando evitar conflitos.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.	Ler textos escritos e reproducir algúns datos contidos neles.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Localizar libros adecuados aos seus intereses e gustos persoais.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.	Recuperar a información usando as tecnoloxías adecuadas de forma segura.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses avanzados na construción da súa identidade lectora.	Adquirir progresiva autonomía na elección dos textos de lectura e expresar de forma global os propios gustos lectores.		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Mostrar interese pola lectura e os textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta para achegarse á súa contorna. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición. - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Procesos: interacción oral - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal.

Contidos

- Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes).
- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais sinxelos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, para mellorar a comprensión dos textos.
- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario progresando na consolidación dunha ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Utilización da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida de obras, a través de conversacións literarias, participando activamente nas comunidades lectoras escolares.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.

Contidos

- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais (xénero e número), prestando especial atención ás relacións que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

En cada unidade didáctica, traballaremos un ou unha personaxe relevante ao longo da historia que garde especial relación coa unidade a tratar.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

A metodoloxía intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

A metodoloxía debe ir dirixida ao logro das competencias clave, polo tanto as actividades propostas sempre intentarán acercar o currículo a situacións da vida real. No proceso de ensinanza- aprendizaxe teranse en conta os seguintes principios:

- Partir sempre do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes a través dos coñecementos previos e da memoria comprensiva.
- Posibilitar que os/as alumnos/as realicen por eles/as mesmos/as aprendizaxes significativos.
- Favorecer situacións nas que os/as alumnos/as deban actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que resulten motivadoras.
- Respetar os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, promovendo o traballo colaborativo.
- Establecer mecanismos de reforzo para aqueles alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe.

A metodoloxía a seguir será activa, participativa, cooperativa, global, flexible e aberta:

- Activa e participativa xa que o alumnado será o centro do proceso de ensinanza-aprendizaxe, sendo eles os que marquen o seu propio ritmo e nivel de traballo, e implicándose de forma activa no deseño dos seus materiais de aprendizaxe.

- Cooperativa xa que na realización de proxectos e traballos de investigación traballarán en grupo, axudándose uns a outros, contando con roles dentro de cada grupo para que todos os membros participen de forma activa e igualitaria, e retroalimentándose.

- Global xa que na realización de proxectos e traballos, e durante o desenvolvemento das propias unidades, estarán implicados e integrados aspectos, contidos e destrezas propias de outras áreas.

- Flexible e aberta xa que estará supeditada a cambios necesarios e xustificados que poidan darse debido a imprevistos, sempre buscando o beneficio da consecución de obxectivos e a adquisición de contidos e destrezas por parte do alumnado.

A linguaxe a empregar na aula será sinxela, clara e ben estruturada na presentación de novos contidos. Todas as actividades propostas estarán debidamente secuenciadas, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía. O/A alumno/a deberá ter a sensación ou o convencemento de que é capaz de aprender o que se lle propón.

Dado que a lectura é fundamental para a consecución das competencias clave, adicaráselle un tempo diario, co fin de desenvolver estratexias de comprensión lectora en distintos formatos e fomentar o hábito lector.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Santillana Construyendo Mundos 3º de primaria
Computador de aula e encerado dixital
Material funxible (cartolinas, folios, pinturas, témperas ¿)
Material manipulativo que permitan experimentar, testar, probar, tocar, ulir, xogos ...
Material impreso: material de elaboración propia, material de reforzo e ampliación, contos, cómics, xornais...
Programa Scratch
Libros da biblioteca de aula e de centro.
Material de regufallo (cartóns, papeis ¿)
Aplicacións de ofimática
Kahoot e Plickers
Genially e Kanva
Libreta ou caderno
Aula virtual do centro (recursos, tarefas, contidos H5P ¿)
Webs educativas (Educaplay, ¿)

Libros da biblioteca de aula e de centro.

Calquera outro que atenda ás necesidades educativas do alumnado e sexa coherente coas propostas ofertadas.

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso (4 sesións).

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Para obter dita información , podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual...

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás caracterísitcas do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	9	9	8	8	8	9	8	8
Proba escrita	47	23	30	30	24	30	27	30	37	33
Táboa de indicadores	53	77	70	70	76	70	73	70	63	67

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	9	100
Proba escrita	40	36	32
Táboa de indicadores	60	64	68

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Ademais de global, tamén será continua e formativa. Ao longo do curso comprobarase o logro dos obxectivos propostos mediante os seguintes criterios de cualificación:

- Actividades e tarefas sobre os contidos traballados na aula 40% :
- Responder axeitadamente, tanto de forma oral coma escrita, ao que se lle pregunta demostrando dominio na materia (30%).
- Escribe respectando regras ortográficas e gramaticais (5%).
- Ter unha caligrafía lexible (5%)
- Actividades de lectura (rexistros de lectura e comprensión) 20% :
- Le coa velocidade e entoación axeitada a súa idade, respectando os signos de puntuación (10%),
- Avisa unha boa comprensión lectora, axeitada a súa idade. (10%)
- Actividades de expresión e creación 20% :
- Exprésase cunha linguaxe oral correcta (vocabulario, comprensión da oración (10%).
- Realiza traballos de forma creativa e orixinal e razoa as estratexias a seguir na creación dos mesmos (10%)
- Traballo en equipo 10% (actitude e participación activa)
- Traballo en clase: 10% (autonomía e presentación das actividades)

No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as cualificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para cualificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos... Na derradeira UD de cada trimestre, un dos CA traballados será avaliado a través dunha proba escrita. 3º de EP será o primeiro curso onde levaremos a cabo este tipo de

probas, polo que terán un carácter moi simple. Empregaremos actividades de completar enunciados ou de relacionar elementos, pero en non comezaremos a cualificar con preguntas abertas de resposta libre ata o vindeiro curso.

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

Cando un alumno- a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

- a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno-a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planifícanse actividades individuais de traballo.
- c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planifícanse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.
- d) A resposta educativa para a recuperación reflexarase no Plan de Traballo Individualizado.
- e) Para obter unha calificación positiva teranse en conta:
- f) O nivel de coñecementos.
- g) O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Compre lembrar que nos cursos impares non se pode permanecer un ano máis no curso correspondente.

No caso desta aula, contamos con un caso de alumno diagnosticado con Altas Capacidades Intelectuais. Tal e como foi presentado no seu informe do equipo específico, traballábase con el especialmente o control das emocións e a resolución de conflitos, no que a efectos de enriquecemento curricular se refire, de forma conxunta dentro da aula. Ademais, contará con apoio por parte da mestra de AL-PT unha vez por semana, e farase seguimento do seu avance co equipo de Oriación do centro.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Respeto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X
ET.6 - Emprendemento	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución de conflitos	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable	X	X	X	X
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito	X	X	X	X
ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades culturais	Asistencia a obras de teatro establecendo no alumnado a curiosidade e o interese por este xénero	X		
Obradoiros	Para promover tarefas de investigación, a aprendizaxe por descubrimento e o traballo en equipo.		X	
Saídas á contorna	Diversas saídas que se realizarán durante o curso para acudir a actuacións, obras de teatro, ou andainas relacionadas cos proxectos e programas nos que o centor está inmerso.		X	
Proxectos de creación literaria	Como a creación de un conto cooperativo, no que todos os alumnos e as familias participen tanto na súa escrita como na ilustración do mesmo.			X

Observacións:

As actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes probas, tarefas ou actividades?
Metodoloxía empregada
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Adáptanse as probas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?
Clima de traballo na aula
Conseguiuse motivar ao alumnado?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. A información para avaliar todos estes items estará recollida no diario de sesións e no rexistro anecdótico de cada unha das Unidades Didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas ao longo dos tres trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 2º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32015165	CEIP O Castiñeiro	Laza	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	3º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	17

1. Introducción

Calquera actividade que queiramos conseguir con éxito debe ser planificada. Isto permitiranos definir o noso traballo como docentes, e ao final poderemos volver analizar o que fixemos ben e o que debemos mellorar.

Iso si, para planificar debemos seguir unha serie de pautas para que o noso traballo sexa común e regulado a nivel estatal, e aos poucos ás características do noso alumnado e da materia. Aquí é onde entran en xogo os niveis de concreción curricular. Hai tres.

O primeiro é o noso CURRÍCULO OFICIAL, que establece os requisitos mínimos. Para o curso 2023/2024 está regulado pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Ademais, temos que ter en conta o DECRETO 155/2022, do 15 DE SETEMBRO, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na nosa Autónoma. Comunidade.

En segundo lugar sitúase o PROXECTO EDUCATIVO, un documento oficial que presenta a oferta educativa do centro e analiza a contorna do alumnado e o contexto social. Tamén inclúe os planos e proxecto do centro, como o Proxecto Lector, que se explicará máis adiante.

Por último, é a PROGRAMACIÓN, como a forma máis concreta de adaptación curricular á aula. Consta dun conxunto de unidades didácticas elaboradas polo profesor para un curso concreto, tendo en conta as características do alumnado. Debe ser aberto e flexible para adaptarse aos cambios que se poidan producir na aula e ás dificultades do alumnado.

É moi probable que a importancia do ensino do inglés veña da necesidade de comunicarse entre as nacións. A educación en linguas estranxeiras proporciona ao alumnado non só competencia comunicativa senón tamén valores de respecto e comprensión doutras culturas. Este concepto aberto e interactivo de culturas e linguas é o PLURILINGÜISMO. Significa que, a medida que se expande a experiencia lingüística dunha persoa, non mantén esas linguas illadas senón que fai que se interrelacionen e interactúen entre si. Este concepto foi considerado no recente proceso educativo galego polo DECRETO 79/2010, do 20 de maio. Establecíase que un terzo das materias debían impartirse nunha lingua estranxeira ou complementaria (principalmente inglés), sendo as dúas terceiras partes restantes impartidas en galego e castelán, co fin de mellorar na mesma porcentaxe a aprendizaxe de linguas estranxeiras e manter tamén a condición de dúas linguas maternas, sobre todo o galego.

Como consecuencia, foi necesario que o CONSELLO DE EUROPA se volvese máis competitivo e dinámico. Para acadar este obxectivo, tomáronse medidas como o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), que facilita unha definición clara dos obxectivos e métodos de ensino e aprendizaxe, e o Portfolio Europeo das Linguas (ELP), un documento que reflicte a lingua, aprendizaxe e experiencias culturais do propietario.

A Administración galega tamén adoptou outras medidas, como os programas Aprendizaxe temperá de linguas estranxeiras e os programas de Auxiliares de Linguas, para mellorar a calidade do ensino das linguas estranxeiras.

CONTEXTUALIZACIÓN.

- Centro: CEIP O CASTIÑEIRO
- Unidades: (6 en EP)
- Curso: 3º A
- Nº alumnos/as: 4 alumnos (3 nenos e 1 nena)
- Contorna: LAZA (Rural)
- Instalacións: ximnasio, polideportivo, patio exterior, zona verde no exterior e entorno natural
- Xornada escolar: continua (09:00 a 14:00), setembro e xuño
partida (9:30-13:00 e 14:30-16:00) de outubro a xuño

Contexto socioeconómico e cultural.

O colexio de Ensino Infantil e Primaria "O CASTIÑEIRO" de Laza está emprazado no barrio do Castiñeiro na vila de Laza, capital do concello do mesmo nome.

O concello de Laza pertence á comarca de Monterrei. Está situado no sur leste da provincia de Ourense. Limita ó Norte cos concellos de Montederramo e Chandrexa de Queixa, ao Sur cos concellos de Castrelo do Val e Monterrei, ao Leste con Vilariño de Conso e Castrelo do Val e ao Oeste con Vilar de Barrio, Sarreaus e Cualedro.

No marco sociocultural atopámonos en Laza cun concello de carácter rural, no que as actividades tradicionalmente incluídas nos sectores secundario e terciario (industria e servizos) teñen escasa importancia, limitándose a algunhas industrias artesanais de explotación familiar.

Estamos ante unha zona eminentemente AGRÍCOLA-GANDEIRA, carente de industrias. A súa economía está baseada nas pensións da terceira idade, que dan para pagar o censo ata acadar a pensión de xubilación.

No eido cultural, cabe reseñar as carencias: non hai biblioteca pública (funciona a da Asociación 3 de maio); non hai

ximnasio nin clubs federados; non existen centros para continuar estudos...

Cabe destacar, nembargante, o fondo arraigo de tradicións ancestrais como o Entroido ou festas coma as do Santo Cristo e outras.

Está a funcionar o pavillón polideportivo, inda que queda algo afastado do recinto escolar, que pode canalizar un pouco as arelas deportivas da xuventude da bisbarra.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Hello! It's me	Inclue nocións e funcións comunicativas de saúdo, datos persoais como nome, idade, e gustos; días da semana, meses do ano, estacións, gustos e preferencias, emocións , e membros da familia. Traballarase a festividade de Halloween.	17	18	X		
2	Let's go to school	Inclue nocións e funcións comunicativas respecto os membros da familia, numeros do 1-100, material escolar, partes da escola. Traballarase as festividades de Thanksgiving e Christmas.	17	18	X		
3	In the jungle	Inclúe nocións e funcións comunicativas respecto os animais, as súas partes, as accións que poden facer, e o concepto de posesión. Traballarase a festividade de Saint Patrick's Day.	17	18		X	
4	Eat vegetables	Inclúe funcións e nocións comunicativas respecto da comida, tipos de comida, accións relacionadas e gustos.	16	17		X	
5	Shopping time	Inclúe nocións e funcións comunicativas sobre descripción física, partes do corpo, roupa, e expresións de levar posto, moedas e precios, expresións para falar de cantidades.	17	17			X
6	Summer time	Inclúe funcións e nocións comunicativas respecto actividades de tempo libre, xoguetes, e accións relacionadas.	16	17			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Hello! It's me	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes.	TI	100
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Seleccionar estratexias en situacións comunicativas cotiás, para captar o sentido global en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes. - Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.

UD	Título da UD	Duración
2	Let's go to school	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Imitar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado	TI	100
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
3	In the jungle	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Copiar e identificar palabras e frases moi breves e sinxelas, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	TI	100
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso). - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
4	Eat vegetables	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente	TI	100
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
5	Shopping time	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira	TI	100
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Padróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	Summer time	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión	TI	100
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A seguinte listaxe recolle as liñas de actuación do apartado Orientacións Pedagóxicas do Decreto de Primaria de Lingua Estranxeira aplicables a primeiro de primaria. Segundo elas, a metodoloxía levaranos a:

- Buscar un enfoque orientado á acción, creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: TPR, seguir instrucións, preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais, desenvolver xogos....

- Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos.

- Realizar proxectos significativos adaptados ao nivel educativo.

- Deseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado o que axudará a darlle unha atención individualizada.

- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.

- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua que ensina .

- Impulsar situacións de interacción, de comunicación oral entre o alumnado de todos os niveis: en parellas, pequenos grupos ou grupo /aula, en situacións reais ou supostas (encher cadros de datos sobre o outro/a; competición entre grupos de pregunta - resposta; descubrir datos reais ou supostos sobre os demais a través de xogos coma Adiviña quen é?; dramatizacións de diálogos en situacións reais ou imaxinarias; etc.). Neste ámbito da comunicación oral, a introdución do xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades preséntase coma un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales coma xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos lingüísticos, coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias ao longo de toda a etapa de Primaria.

- Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións e tamén o uso da radio escolar para emitir e gravar cuñas publicitarias e mensaxes, realizar podcasts de duración curta, anuncios en vídeo sobre eventos a realizar no propio centro ou a contorna, e actividades similares. Todas elas son adaptables a diferentes niveis de aprendizaxe da lingua e van permitir a interacción entre alumnado diverso.

- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.

- Utilizar fragmentos audiovisuais moi curtos de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel, para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.

- Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a ela, a través do mundo dixital.

- Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.

- Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte a tradución, para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias.

-Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos . O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

-Asentar e afianzar así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Páxinas web de xogos online
Historias e contos publicados na rede.
Xogos de mesa.
Xogos físicos.
Libros de lectura.
Posters e murais.
Ferramentas de elaboración de materiais.
Encerado dixital interactivo -smart board.
Uso dos medios audiovisuais que conte a escola.
Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar.
Videos.
Rimas e cancións.
Material funxible (cartolinas, folios, pinturas, témperas ¿)
Material de regufallo (cartóns, papeis ¿)
Aula virtual do centro (recursos, tarefas, contidos H5P ¿)

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso (4 sesións).

O comezo do curso farase unha avaliación de diagnose centrada para coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciación , escoita e comprensión oral e fluidez na expresión oral (adaptada ao seu nivel) e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar.

Neste proceso podense recoller evidencias tales coma, gravacións en audio ou videos individuais, de interacción en

parella ou en gran grupo reflexando os resultados nas correspondentes táboas de valoración. O mesmo se fará coa observación directa por parte do profesorado rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	16	17	16	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Instrumentos: táboas de indicadores que serán diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar e probas orais.

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira a adquisición da mesma e progresivo polo que ao inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menor seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de autoaprendizaxe. En consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e decidir a cualificación para cada alumno/a .

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior.

Para construír a cualificación final elaboraremos táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

PESO DOS BLOQUES:

Comprensión oral: 30%

Expresión oral: 30%

Comprensión escrita: 20%

Expresión escrita: 10%

Coñecemento da lingua: 10%

PESO DOS PROCEDIMENTOS:

Intercambios orais cos alumnos: 40%

Análise das producións dos alumnos: 30%

Observación sistemática: 20%

Probas específicas, obxectivas e cuestionarios: 10%

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A nosa programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Debemos facer propostas para atender o alumnado real que teñamos no grupo cas características que eles teñan. A modo de exemplo citamos o seguinte:

* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras, sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.

- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).

- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.

- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.

- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.

- Disporán do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

* Nenos e nenas con dificultade de aprendizaxe:

-Incluílos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado as súas capacidades e circunstancias.

*Nenos e nenas con trastornos de conducta:

Buscar a coordinación co equipo de profesorado e orientadora do centro de tal xeito que podamos incluílo nas actividades de aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.	X		
Visitas	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores....	X	X	
Conmemoracións da escola	Samaín, magosto, nadal, entroido, maíos, 8-M, dereitos da infancia?		X	
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving....	X	X	X

Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en LE.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes probas, tarefas ou actividades?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Adáptanse as probas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?
Clima de traballo na aula
Conseguiuse motivar ao alumnado?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. A información para avaliar todos estes items estará recollida no diario de sesións e no rexistro anecdótico de cada unha das Unidades Didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas ao longo dos tres trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 2º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32015165	CEIP O Castiñeiro	Laza	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	3º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	51
4.2. Materiais e recursos didácticos	52
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	52
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	53
6. Medidas de atención á diversidade	54
7.1. Concreción dos elementos transversais	55
7.2. Actividades complementarias	56
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	56
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	57
9. Outros apartados	58

1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2023/2024, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

A presente programación didáctica corresponde ao 3º curso de Educación Primaria para o ano académico 2023/2024 para a área de lingua galega e literatura.

A ensinanza da lingua galega e literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Asemade, a aprendizaxe desta área, non pode concibirse como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares, senón que debe entenderse como un proceso en construción e baseado na reflexión e na análise acompañada, cuxo fin último é formar persoas capaces de comunicarse de maneira eficaz.

Tamén, a atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito da lingua para potenciar a inclusión, xa desde as idades máis novas, e para dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en seis bloques temáticos:

Bloque 1: A lingua e os seus falantes

Bloque 2: Comunicación oral

Bloque 3: Comunicación escrita

Bloque 4: Alfabetización mediática e informacional

Bloque 5: Educación literaria

Bloque 6: Reflexións sobre a lingua e os seus usos

CONTEXTUALIZACIÓN.

- Centro: CEIP O CASTIÑEIRO

- Unidades: (2 en EP)

- Curso: 3º A

- Nº alumnos/as: 4 (1 nenas e 3nenos)

- Contorna: LAZA (Rural)

- Instalacións: ximnasio, polideportivo, patio exterior, zona verde no exterior e entorno natural

- Xornada escolar: continua (09:00 a 14:00), setembro e xuño

partida (9:30-13:00 e 14:30-16:00) de outubro a xuño

Contexto socioeconómico e cultural.

O colexio de Ensino Infantil e Primaria "O CASTIÑEIRO" de Laza está emprazado no barrio do Castiñeiro na vila de Laza, capital do concello do mesmo nome.

O concello de Laza pertence á comarca de Monterrei. Está situado no sur leste da provincia de Ourense. Limita ó Norte cos concellos de Montederramo e Chandrexa de Queixa, ao Sur cos concellos de Castrelo do Val e Monterrei, ao Leste con Vilariño de Conso e Castrelo do Val e ao Oeste con Vilar de Barrio, Sarreaus e Cualedro.

No marco sociocultural atopámonos en Laza cun concello de carácter rural, no que as actividades tradicionalmente incluídas nos sectores secundario e terciario (industria e servizos) teñen escasa importancia, limitándose a algunhas industrias artesanais de explotación familiar.

Estamos ante unha zona eminentemente AGRÍCOLA-GANDEIRA, carente de industrias. A súa economía está baseada nas pensións da terceira idade, que dan para pagar o censo ata acadar a pensión de xubilación.

No eido cultural, cabe reseñar as carencias: non hai biblioteca pública (funciona a da Asociación 3 de maio); non hai ximnasio nin clubs federados; non existen centros para continuar estudos...

Cabe destacar, nembargante, o fondo arraigo de tradicións ancestrais como o Entroido ou festas coma as do Santo Cristo e outras.

Está a funcionar o pavillón polideportivo, inda que queda algo afastado do recinto escolar, que pode canalizar un pouco as arelas deportivas da xuventude da bisbarra.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriano correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Que escola queremos?	Nesta primeira unidade propónse comezar cunha conversación sobre como é a escola para crear un bo clima desde o inicio de curso. A reflexión proposta sobre o novo curso e a confianza vai permitir ao alumnado expresar sentimentos e compartilos tendo en conta as normas básicas de interacción	8	11	X		
2	Somos o que comemos	Nesta unidade imos falar sobre a alimentación sa na nosa contorna e na	8	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Somos o que comemos	sociedade en xeral. De forma transversal, o alumnado realizará un traballo de investigación sobre os menús nas distintas partes do mundo. Para iso, accederase a diversas fontes de información, destacando a consulta guiada en páxinas web. Para pechar a unidade, porase en práctica o aprendido para elaborar, paso a paso, un catálogo sobre as diferentes comidas no mundo	8	12	X		
3	Iguais e diferentes	Nesta unidade, a través das actividades propostas, vaise a fomentar o traballo en equipo e promoverase o compañeirismo na aula. Entender que ofrecer e recibir axuda é indispensable para todos os ámbitos da vida axudará ao alumnado a percibilo, con máis naturalidade, como unha ferramenta de aprendizaxe indispensable. A planificación secuencial dun programa para unha entrevista a unha persoa doutro lugar pechará a unidade	8	12	X		
4	Como nos coidamos	Nesta unidade expónse a importancia dos hábitos saudables nas nosas vidas e fórmulanse hipóteses sobre situacións inventadas co fin de fomentar a creatividade. De forma integrada, propónse a lectura e comprensión dun conto e a análise dun anuncio vinculado co tema. Para finalizar a unidade, os estudantes van realizar unha enquisa sobre hábitos saudables	9	12	X		
5	Onde vivimos?	Nesta unidade expónse a reflexión e o debate sobre a importancia que ten o lugar en que vivimos e a influencia que exercen as características de cada localidade na nosa forma de vida. A través das actividades propostas, vaise a fomentar o interese e a curiosidade por que coñezan máis sobre as diferentes localidades, valorando todo o que aprendemos sobre elas. A través do diálogo, os estudantes van contar anécdotas persoais e expresar os seus sentimentos e emocións. Para pechar a unidade, escribirán un texto descritivo sobre a localidade ideal, que propiciará o traballo transversal doutros contidos.	8	11		X	
6	Convivimos cos animais	Como inicio desta unidade expónse un debate sobre a convivencia cos animais. A través desta situación de aprendizaxe, o alumnado vai ser consciente da influencia directa que exercen os animais nas nosas vidas e nas nosas experiencias persoais. Ao terminar a unidade propónselles creación dun slogan a favor dos animais	8	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Que futuro ten o planeta?	Esta unidade parte da reflexión sobre que o colexio é o lugar idóneo para comezar a desenvolver e aprender habilidades para unha convivencia harmoniosa no planeta. Aspectos clave, como as competencias de negociación, escoita e diálogo, van converterse ao longo desta unidade en ferramentas de aprendizaxe imprescindibles para o desenvolvemento das actividades. Un bo clima na aula, ademais, xera un mellor rendemento e permite un desenvolvemento integral. Se porá en práctica todo o aprendido e redactarase, seguindo un esquema predeterminado, como se fan predicións sobre o tempo atmosférico e o clima.	8	12		X	
8	. Salvemos os animais e as plantas	Nesta unidade, van reflexionar e debater sobre a protección das especies. A partir desta formulación, coñecerán unha serie de medios e soportes comunicativos accesibles para eles e vanos a empregar para transmitir mensaxes. Para sintetizar todo o aprendido, propónselles a redacción de noticias sobre especies en extinción nas que todos os seus elementos deben estar interconectados: imaxes, texto e obxectivo comunicativo	9	12		X	
9	Como nos divertimos?	Nesta unidade, vanse traballar todas as actividades partindo do coñecemento de formas sas de diversión, lectura e comprensión dun conto, textos e actividades de lingua, etc. Para pechar a unidade, van redactar instrucións para un xogo inclusivo	8	11			X
10	Ciencia ao alcance	Nesta unidade, o foco principal ponse na reflexión e no coñecemento sobre Ciencia e as consecuencias que supoñen os avances científicos. O alumnado vai familiarizarse con elementos comunicativos moi presentes na nosa cotiandade. Para iso, propónse un traballo de investigación exhaustivo para elaborar un ficheiro de mulleres científicas	8	11			X
11	Realidade ou ficción?	Nesta unidade expónse un debate sobre as situacións reais e as de ficción e propónse a reflexión sobre accións ou actividades encamiñadas a mitigar ou erradicar a desigualdade. Paralelamente, vaise incidir na importancia de que o alumnado forxe un pensamento crítico autónomo e exprese a súa opinión dando razóns. Para pechar a unidade, os alumnos recomendarán libros ou películas pola igualdade.	9	12			X
12	Facémonos oír	Nesta unidade, para finalizar o curso,	9	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	Facémonos oír	proponse a realización dun mural sobre os nosos dereitos e deberes. Para iso, o alumnado vai facer uso de diferentes soportes e medios coidando, especialmente, a veracidade e a obxectividade dos datos recollidos. De forma transversal, debaterán sobre o uso dunha páxina web e de buscadores.	9	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Que escola queremos?	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Valorar e comprender o significado de textos sinxelos adaptados á súa idade	PE	40
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Valorar e comprender o significado de textos sinxelos adaptados á súa idade		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais sinxelos que faciliten a comprensión do sentido global do texto.	Ler textos escritos sinxelos e reproducir algúns datos contidos neles		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Analizar e rexeitar o uso discriminatorio da linguaxe, baseado na reflexión grupal		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.	Utilizar a biblioteca, ler de maneira autónoma e compartir oralmente a experiencia de lectura		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Utilizar a biblioteca, ler de maneira autónoma e compartir oralmente a experiencia de lectura		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Elaborar conclusións sobre textos sinxelos, tendo en conta a concordancia e as relacións de significado entre as palabras		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Reler os propios textos e corrixir os erros, desenvolvendo o espírito crítico		
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguaxes de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.	Respectar e mostrar interese polas diferentes linguas e variedades dialectais da súa contorna, identificando algunhas das súas características		
CA1.2 - Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística da súa contorna e, particularmente, a dualidade lingüística xeral galego-castelán como unha fonte de riqueza cultural.	Observar na súa contorna e recoñecer na linguaxe algúns usos inadecuados e tentar evitar algúns prexuízos		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprender globalmente textos orais sinxelos e recoñecer as ideas principais		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.	Utilizar recursos elementais para producir textos orais coherentes		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Utilizar un vocabulario adecuado ao seu nivel e cunha secuencia coherente para participar en interaccións orais	TI	60
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Utilizar estratexias básicas para a escoita activa e consensuada, a partir da xestión dialogada dos conflitos		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Adquirir progresiva autonomía na elección dos textos de lectura e expresar de forma global os propios gustos lectores		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar.	Mostrar interese por participar nas conversacións e debates sobre lecturas realizadas		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e información.	Mostrar interese pola lectura e os textos		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Mostrar interese pola lectura e os textos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición. - Procesos: interacción oral - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís). - Procesos: produción oral. - Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Contexto

Contidos

- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de uso cotián.
- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos.
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.
- Creación de textos utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Construción da identidade lectora empregando textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida de obras, a través de conversacións literarias, participando na comunidade lectora escolar.
- Valoración dos textos literarios da literatura en xeral e especialmente da literatura galega como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos e aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos.

UD	Título da UD	Duración
2	Somos o que comemos	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Valorar e comprender o significado de textos sinxelos adaptados á súa idade	PE	30
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Valorar e comprender o significado de textos sinxelos adaptados á súa idade		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais sinxelos que faciliten a comprensión do sentido global do texto.	Ler textos escritos sinxelos e reproducir algúns datos contidos neles		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Analizar e rexeitar o uso discriminatorio da linguaxe, baseado na reflexión grupal		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.	Utilizar a biblioteca, ler de maneira autónoma e compartir oralmente a experiencia de lectura		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físcos ou dixitais.	Reler os propios textos e corrixir os erros, desenvolvendo o espírito crítico		
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguaxes de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.	Respectar e mostrar interese polas diferentes linguas e variedades dialectais da súa contorna, identificando algunhas das súas características	TI	70
CA1.2 - Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística da súa contorna e, particularmente, a dualidade lingüística xeral galego-castelán como unha fonte de riqueza cultural.	Observar na súa contorna e recoñecer na linguaxe algúns usos inadecuados e tentar evitar algúns prexuízos		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprender globalmente textos orais sinxelos e recoñecer as ideas principais		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.	Utilizar recursos elementais para producir textos orais coherentes		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Utilizar un vocabulario adecuado ao seu nivel e cunha secuencia coherente para participar en interaccións orais		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Utilizar estratexias básicas para a escoita activa e consensuada, a partir da xestión dialogada dos conflitos		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Utilizar a biblioteca de aula e de centro		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Adquirir progresiva autonomía na elección dos textos de lectura e expresar de forma global os propios gustos lectores		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar.	Mostrar interese por participar nas conversacións e debates sobre lecturas realizadas		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Coñecer a biblioteca da aula e do centro		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Mostrar interese pola lectura e os textos		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Elaborar conclusións sobre textos sinxelos, tendo en conta a concordancia e as relacións de significado entre as palabras		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. - Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Procesos: interacción oral - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís). - Procesos: produción oral. - Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Xéneros discursivos - Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de uso cotián. - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Procesos: comprensión lectora. - Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.

Contidos

- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega.
